



CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDAD NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA (UNED) PARA A REALIZACIÓN DO PRÁCTICUM DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS DE LINGUAS

Eu, como director xeral de Centros e Recursos Humanos,

DECLARO:

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar coa UNED o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue desde o día seguinte da súa sinatura e estará vixente durante 4 anos desde esa data, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes cunha notificación á outra con dous meses de antelación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Consellería e a UNED para a realización do prácticum do máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas polas tres universidades, de acordo co establecido na Orde do 18 de abril de 2011 pola que se establece o procedemento para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (en diante, LOE), conforma as profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas como profesións reguladas, cuxo exercicio require estar en posesión do correspondente título oficial de máster, obtido de acordo co disposto no artigo 15.4 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

A Consellería ten entre as súas competencias as de ordenación, planificación e execución das competencias en ensino universitario, tal como se lle atribúen no Estatuto de Autonomía de Galicia.

A UMED é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio e que asume as súas funcións como servizo público, gozando de autonomía para iso.

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, de ordenación das ensinanzas universitarias, estableceu a organización e o contido dos títulos oficiais de máster universitario.

Mediante Acordo do Consello de Ministros, do 14 de decembro de 2007, establecéronse as condicións ás que deberán adecuarse os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio das profesións reguladas de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas.

Mediante a Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro, establecéronse os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas. No apartado 5 do anexo da citada orde, ao regular a planificación das ensinanzas, establece que o prácticum se realizará en colaboración coas institucións educativas establecidas, mediante convenios entre universidades e administracións educativas. As institucións educativas participantes





na realización do prácticum deberán estar recoñecidas como centros de prácticas, así como as persoas titoras encargadas da orientación e tutela dos/das estudantes.

O Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria, dispón, no seu artigo 9, que para exercer a docencia nestes ámbitos será necesario estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica, de acordo co esixido pola LOE.

A UNED realiza o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, de conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. Estas universidades teñen autorizada a impartición do máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.

A Orde do 18 de abril de 2011 pola que se establece o procedemento para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster, na Comunidade Autónoma de Galicia, regula o procedemento para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster, na Comunidade Autónoma de Galicia, conforme a Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro, en colaboración coas universidades de Galicia e que será de aplicación ás universidades que asinasen convenio coa Consellería para la realización das prácticas dos seu alumnado do máster en centros sostidos con fondos públicos.

O Real decreto 592/2014, do 11 de xullo (BOE do 30 de xullo), regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

